



# FELIPE ARIAS VILAS. A razón arqueolóxica e a paixón museolóxica

---

Xosé Carlos Sierra Rodríguez

---

*Hay museos buenos y museos malos [...] Este sería el museo leal y honesto; sería bueno, puesto que permitiría elegir, aprobar o negar; permitiría entender la razón de las cosas, e incitaría al perfeccionamiento.*

*Le Corbusier, 1925*

## **FELIPE ARIAS. Breve achegamento ao museólogo.**

Recae sobre min a honrosa tarefa, e mesmo a responsabilidade, de glosar a figura de Felipe Arias como museólogo e o seu labor como creador dun proxecto museal, iniciado no seu día no Museo Provincial de Lugo e materializado posteriormente en Viladonga. A ninguén se lle escapa –e hoxe a información contida na Rede nolo confirma– que a obra máis senlleira do facer profesional de Felipe Arias é o Museo Monográfico do Castro de Viladonga, sen dúbida unha institución modélica na península ibérica no que a museos arqueolóxicos e museos de sitio respecta.

A actividade durante preto de corenta anos da persoa homenaxeada neste número de *Croa*, publicación por el fundada co apoio e complicidade da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, é inmensa e diversa. Falamos dunha persoa intelctualmente activa –a xubilación non é mais ca un accidente administrativo– e dun profesional da arqueoloxía e dos museos con probada competencia en ambas as dúas materias. Felipe Arias é un arqueólogo que, por vocación e pola conxuntura vital que a todos nos condiciona, vinculouse de por vida ao mundo dos museos. E os museos, como é ben coñecido, naceron para atesourar un patrimonio, para construír coñecemento e para abrir este patrimonio ao conxunto da sociedade. O museo é unha institución intimamente ligada aos presupostos político-ideolóxicos da modernidade e concibida dende o seu nacemento como unha ferramenta de socialización cultural. Felipe Arias dedicou toda a súa intelixencia e capacidade de

traballo para que o contrato do museo moderno coa súa sociedade no ficase anulado.

Anos atrás outro referente da museoloxía hispánica, Antonio Limón –figura respectada e benquerida por Felipe Arias–, deixou claro que o saber do museo e o seu vínculo coa sociedade supoñen o establecemento de alianzas e de complicidades coa diversidade de públicos que se constitúen ao redor da experiencia museal. Públicos que no dicir de Sharon MacDonald<sup>1</sup> se estruturan en “corpos de visitantes”, que mudan de perfil e de comportamento demandando unha atención continua por parte da institución museal. Os grandes profesionais, caso dos citados, atenderon con dedicación ditas demandas e focalizaron a súa reflexión museolóxica na análise dos mecanismos que se agochan tras esta cuestión. Felipe Arias non esqueceu nunca que os museos son certamente conservatorios, depositarios dun patrimonio cultural (fondos e coleccións) que deben preservar, documentar e investigar. Tampouco esqueceu que a historia do museo o sitúa no berce da elaboración do saber humanístico e social da contemporaneidade, convición que non se opón aos presupostos que a nova teorización museolóxica establece outorgándolle aos dispositivos de información e ás técnicas de comunicación unha función relevante. Felipe Arias asume este enfoque que desenvolve nas súas propias reflexións, defendendo que os museos son quen de

---

<sup>1</sup>MACDONALD, Sh.: “Un nouveau 'corps de visiteurs': musées et changements culturels”, *Publics et Musées*, vol. 3, 1993, pp. 13-27.



I Festa da Mocidade Balura. 1979

idear accións específicas para converter o público xenérico en visitante.

A pouco que examinemos a traxectoria do Museo de Viladonga observaremos un fío condutor moi definido a través do que se foi tecendo un proxecto cultural sólido e eficaz. Felipe Arias soubo conxugar o urdido e máis a trama necesarios para enguedellar con presteza o tear do museo. Decatouse moi cedo dos dispositivos complementares que era preciso activar para que o xacemento arqueolóxico de Viladonga fose o nutriente científico do museo e, ao tempo, a imaxe para atraer unha variedade ampla e diversa de visitantes. O castro era o documento que reclamaba un intérprete e o museo o intérprete que se ofrecía a redactar as lecturas que o público agardaba.

A valoración da figura como museólogo de Felipe Arias Vilas permítenos unha aproximación ao seu labor e a súa obra e así mesmo unha reflexión paralela sobre este oficio no que nos atopamos atrapados hai tempo el e tantos outros compañeiros de viaxe. Véxome nesta

xeira influído polo diálogo que no seu día mantiveron Pierre Bourdieu e Roger Chartier<sup>2</sup>, ambos os dous interesados dende cadansúa disciplina polo fenómeno das representacións que os individuos e os grupos adoitan asumir nas diferentes circunstancias e situacións polas que atravesa a súa existencia. Atribúe Chartier a Bourdieu unha fonda responsabilidade, mesturada coa súa confianza no saber, única levada que rega e hidrata a seca, ás veces abafante, dos sucus que discorren polo mundo real.

¿Contribúe o museo a favorecer esa confianza e a confortar tal desesperanza? Aventurárame, coñecendo a personalidade e a traxectoria vital de Felipe Arias, a afirmar que si. Cando menos, o seu traballo como museólogo e os seus estudos como arqueólogo e historiador deixan albiscar unha curiosidade intelectual peneirada pola ironía e por unha

<sup>2</sup>BOURDIEU, P. & CHARTIER, R. *El sociólogo y el historiador*. Abada Editores S.L. Madrid, 2011 (con Prólogo de Roger Chartier).

---

prudente distancia adoitada necesaria para ollaren con paixón mesurada os obxectos que motivan a súa curiosidade intelectual. Conforta aquela ironía e esa distancia achegándose a autores, como Benoist ou Rivière 1989<sup>3</sup>, que se arroupan con estas categorías para obxectivar os desafíos do museo e tender pontes entre o patrimonio musealizado e a comunidade receptora (Arias, 1998).

Glosamos neste pequeno artigo o labor dun museólogo, así mesmo historiador e arqueólogo, que dedicou boa parte da súa actividade profesional a facer un museo e a pensar o museo, a aturar a realidade do ser e a reflexionar sobre a complexidade perifrástica do deber ser. Non resulta doado glosar o traballo dun amigo, ao que recoñecemos como mestre e no que nos miramos pola maneira exemplar de enfrontar as tarefas nas que se foi comprometendo no decurso da súa frutífera existencia. Pero os proxectos que encamiñou e os cumios que corouo facilitan esta miña encomenda, habida conta da eficacia demostrada e dos logros obtidos por el na parcela que nos ocupa: o museo de seu.

Non dubidamos que traballos e compromisos como os realizados e asumidos por Felipe Arias contradín, en certa maneira, criterios como o enunciado polo epistemólogo francés Gaston Bachelard<sup>4</sup> cando indica que as ciencias físicas son ciencias carentes de antepasados, porque os nosos netos se desinteresarán dos seus precedentes. Descoñeza se tal aseveración está debidamente fundada e déixolle aos nosos colegas dos museos das ciencias e as técnicas e aos historiadores do ramo a tarefa de confirmar ou contradicir a Bachelard. Eu ando persuadido de que o traballo de Felipe Arias como profesional dun museo arqueolóxico e como museólogo evitará que os nosos descendentes vexan o pasado como un taboleiro ou vitrina *de pensamentos inactivos*, carentes da capacidade de reforma e instrución, porque confío no museo arqueolóxico e nas historias que conta como dispositivos socialmente eficaces para tecer vínculos, construír identidades e posibilitar novos proxectos de futuro. Lembrando a

Friedrich Nietzsche<sup>5</sup>, o pasado debe, ou cando menos pode, seren interpretado coa forza do presente. En boa medida o museo contemporáneo está fundamente influído pola determinación inserida nesta frase do filósofo alemán, xa que o museo é un espazo de síntese e unha representación dos feitos pasados e recentes, peneirados pola razón (a forza ou logos) do presente, o que, en certa medida contradí a Bachelard<sup>6</sup>, que recoñece, por outra banda, que “[...]lo que en el pasado continúa siendo positivo, actúa todavía en el pensamiento moderno. Esta herencia positiva del pasado constituye una especie **de pasado actual** cuya acción en el pensamiento científico del tiempo presente es notable”.

Agóchase tras estas citas do gran epistemólogo galo un relato coherente para entender e describir a posición do museo contemporáneo e a militancia intelectual de moitos museólogos. Desvincular o museo contemporáneo da aventura racionalista da modernidade supón correr o risco de non captar en toda a súa dimensión o papel ocupado por esta institución na súa biografía bicentenaria. Felipe Arias é un expoñente paradigmático desta racionalidade e un convencido, na súa praxe museográfica e nos seus escritos, desa necesidade educativa, iluminada cos coñecementos do presente, á que alude Bachelard. E aínda que este elabora o seu relato epistemolóxico disecando os saberes empírico-naturais e as ciencias nomotéticas, non podemos esquecer que a formación dos arqueólogos está fundamente atrapada no empirismo que ensaian as ciencias naturais. Os arqueólogos son, por formación (e por deformación) evolucionistas e a transitividade entre a evolución natural e a secuencia evolutiva das comunidades historicamente interpretadas ten doado encaixe no proceder metodolóxico dos arqueólogos e nas súas construcións epistemolóxicas. Os arqueólogos profesionalizados no mundo da museística –obrigados, polo tanto, a conciliar as secuencias culturais enguedelladas no material ergolóxico acumulado nas áreas de reserva dos seus museos– desenvolven unhas prácticas moi elaboradas para introducir as análises histórico-procesuais dos restos

---

<sup>3</sup> BENOIST, L.: *Musées et Muséologie*. Presses Universitaires de France (PUF), 2ª edic. Paris, 1972 e RIVIÈRE, G.-H.: *La Muséologie selon Georges-Henri Rivière*. Dunod. Paris, 1989 (edición castellana: *La Museología. Curso de Museología/Textos y testimonios*. Ediciones Akal S.A. Madrid, 1993).

<sup>4</sup> BACHELARD, G.: *Epistemología*. Editorial Anagrama. Barcelona, 1973, p. 234.

---

<sup>5</sup> Cita tomada da obra *Friedrich Nietzsche. Considerations inactuelles. De l'utilité et des inconvenients des études historiques* (edición traducida por Henri Albert. Paris, 1932) consultada na nova edición de Pierre Hidalgo, La Gaya Scienza, 2012 [Seconde considération inactuelle. De l'utilité et de l'inconvénient de l'histoire pour la vie].

<sup>6</sup> BACHELARD, G.: Op. cit., p. 236.



cos que operan nesa síntese que posúe a facultade pedagóxica de mostrar o pasado coa forza –*motivación, linguaxe e claves*– do presente. Sen dúbida Nietzsche define con rigor o sentido sociocultural dun museo de arqueoloxía e de historia, porque o museo que nos ocupa é unha institución do presente que abre as súas páxinas tridimensionais ao pasado.

Esta glosa sumaria sobre a condición de Felipe Arias como arqueólogo e museólogo obríganos ao establecemento dunha diferenciación. Por unha banda, atopámonos co museólogo que pensa o museo e, pola outra, observamos o profesional que fai museo, asumindo retos e tomando posicións que se manifestan mediante unha sucesión biográfica de retos, propostas e prácticas.

### Felipe Arias e o museo pensado.

Son moitos os camiños e os itinerarios polos que se aventura o museólogo lucense. Boa parte das cuestións que trata en distintos traballos perfílanse nos textos máis temperáns e, concretamente, nun traballo publicado en 1987, no que examina fenómenos da museística galega aínda vixentes. Daquela, el e a práctica totalidade dos autores que escriben sobre o museo observan a realidade analizada baixo o prisma dos postulados e definicións do ICOM, inspiradores da totalidade dos textos normativos e xurídicos que promulgan as lexislacións positivas dos Estados e tamén, no Estado español, das Comunidades Autónomas que inician a súa andaina competencial en materia de cultura despois de 1980. O artigo do que falamos redáctase pouco despois de seren aprobada a Lei 13/1985 del Patrimonio Histórico Español, norma adaptada aos novos tempos aínda que utilice unha denominación daquela xa superada. Diferenza Felipe Arias as funcións básicas que prevalecen no museo como entidade xenérica daquelas outras de carácter complementar, derivadas da evolución das distintas modalidades e tipoloxías museísticas e que, en boa parte, son o produto do desenvolvemento máis detallado dalgunha das funcións básicas ou “clásicas”. Adiántase neste traballo a outro que publicará dezaseis anos despois (2003) e no que disocia o labor documental, nodal no museo e aplicado ás coleccións que conserva e custodia, dos programas documentais que todo museo pode desenvolver fóra dos límites físicos da institución e que o comprometen co territorio

circundante, aquel que a lei galega en vigor (artigo 69 da Lei 30/1995) denomina ámbito territorial. No traballo de 2003 fala con expresividade do patrimonio cultural de *dentro e de fóra* (do museo), cuestión que el coida relevante para a práctica totalidade dos museos arqueolóxicos e etnográficos e inseparable da modalidade museística obxecto da súa reflexión central: os museos de sitio e os xacementos arqueolóxicos visitables.

Neste traballo abre o debate en Galicia sobre o asunto da comunicación, incorporado ás palestras da museoloxía internacional e presente nas páxinas da revista *Museum*, logo de seren introducido na literatura museolóxica anos antes por un autor de culto para Felipe Arias como Duncan Cameron<sup>7</sup>. Na península ibérica museólogos de prestixio en sintonía coas inquedanzas de Felipe Arias, caso de Antonio Limón<sup>8</sup>, tratarán o fenómeno da comunicación en ocasións reiteradas, formulando que a investigación museolóxica debe considerar prioritario o estudo das experiencias, fórmulas e modalidades que enlazan o museo co público e cos comportamentos socioculturais da sociedade. Anos despois publicacións británicas e de lingua francesa darán acollida, ás veces monográfica, a unha cuestión “de moda” e reflectida decote nos mass-media, segundo comenta Felipe Arias nestes dous traballos, tanto dende a atalaia de publicacións xenéricas –*Museum, Curator, Museums Journal ou Publics & Musées*<sup>9</sup>– como dende o observatorio parcial da etnomuseoloxía. Outros investigadores universitarios procedentes da

<sup>7</sup> CAMERON, D.: “Au diable le public!”. *Nouvelles de ICOM*, 21, 1. 1968, pp. 3-7; e CAMERON, D.: “A View point: The Museum as a Communication System and Implications for Museum Education”, *Curator*, v. 2 (1), 1968, pp. 33-40.

<sup>8</sup> LIMON, A.: “Notas sobre museología etnográfica”, *Actas del IV Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares*, 1983, s.p.; LIMON, A.: “La alienación de la investigación museológica”, en *Investigación y Museos*, *IV Coloquio Galego de Museos*, Santiago: Consello da Cultura Galega, 1997, pp. 158-164.

<sup>9</sup> Mostras expresivas da atención prestada a esta cuestión témolas nos exemplos seguintes: STRONG, R.: “El museo como vehículo de comunicación”, *Museum*, vol. 138, 1983, pp. 75-81; HODGET, R. y D'SOUZA, W.: “Le musée, agent de communication. Analyse sémiotique de la galerie consacrée aux aborigènes dans le Musée d'Australie-Occidentale, Perth”, *Museum*, vol. XXXI (4), 1979, pp. 254-271; DAVALLON, J.: “Introduction. Le public au centre de l'évolution du Musée”, *Public et Musées*, vol. 2, 1992, pp. 10-15; varios números dos últimos anos de *Museums Journal* préstanlle atención particular á crise a aos recortes que inciden sobre os programas de difusión: así os números de febreiro (STEEL, P.: “Museums Sheffield to suffer 10% funding cut”, 7; “Funding cuts could lead to closure of Catalyst Centre”, 9) e setembro (BARNES, J. & PAILLARD, C.: “How should museums respond to a crisis”, 19) de 2013 examinan esta cuestión.

---

socioloxía, psicoloxía ou pedagogía adoptaron o museo como campo de análise dos seus estudos para examinare a conduta do público. Felipe Arias faise eco moi cedo destes estudos que aproveitará para as súas reflexións museolóxicas e tamén para a súa práctica cotiá como profesional dun museo.

Felipe Arias entende a museoloxía como un saber aplicado, esculcando a bibliografía do momento e dando conta das novidades traídas polas novas museoloxías e o impacto que ocasionan na literatura museolóxica internacional, moi especialmente despois de 1984-1985 cando se suceden as Declaracións de Quebec e a constitución do MINOM (*Movimento Internacional da Nova Museología*) en Portugal. Ata ese momento a literatura museolóxica hispánica ficaba ausente destas correntes de renovación museolóxica que se implantarán cedo en Portugal e con menor incidencia en España, excepción feita de Cataluña onde a fórmula ecomuseolóxica será aplicada nunhas cantas experiencias, e os debates teóricos sobre as novas correntes irán da man de numerosos coloquios e encontros promovidos pola Xarxa de Museos Comarcals de Catalunya, creada en 1982, e, fundamentalmente, de iniciativas sucesivas de desenvolvemento territorial e comarcal no Pirineo catalán, con precedentes no Val d'Aran e ensaios inspirados na ecomuseoloxía, que desembocarán no Ecomuseu de les Valls d'Aneu, materializado entre 1983 e 1993<sup>10</sup>.

Cando Felipe Arias no artigo de 1987 pecha o foco sobre a casuística galega enumera as particularidades da nosa feble estrutura museística, trazo que sinala en traballos posteriores, relacionando o feito da creación e mantemento de museos coa disparidade de promotores e titularidades, o que explica moitas das disonancias no discorrer cotiá de moitas entidades. Destaca a excepción do Museo de Pontevedra como caso exemplar de autonomía de xestión, ironicamente lembrada agora cando a Deputación provincial de Pontevedra dissolve 'manu militari' unha experiencia de xestión modélica á que debían tender todos os museos das redes publicas. Modelo posto en marcha, outra coincidencia!, pola figura á que se lle dedica no 2015 o

Día das Letras Galegas e modelo contrario ao que prevalecía na Deputación provincial luguesa cando a figura que glosamos foi obxecto de prácticas caciquís propias da entropía política agora asumida polo organismo provincial pontevedrés. A disparidade de fórmulas de xestión e de titularidades explican así mesmo a dificultade para establecer programas de cooperación e para que cada centro cumpra as funcións básicas encomendadas que esas disparidades administrativas ocasionan. Esta diagnose, sobre a que volve en traballos sucesivos (1992 e 2003), lévao a realizar un retrato cabal e fiel da situación naquel momento, con situacións e circunstancias que mudaron pouco na actualidade:

- problemas de conservación con instalacións e equipamentos deficientes,
- subdesenvolvemento museográfico: fondos amoreados en salas e almacéns (?),
- falta de persoal cualificado e profesionalizado,
- déficits de seguridade (coas excepcións que podemos sinalar na rede de museos estatais, no Museo de Pontevedra, no Museo do Pobo Galego, funcionando xa daquela, e nalgúns museos municipais e de fundacións). Practicamente deficiencias análogas ás detectables na actualidade, e tratadas por el e outros autores como eivas endémicas e case estruturais,
- deficiencias no labor documental e investigador e, conseguintemente, na edición de guías, monografías e estudos varios,
- carencia de orzamentos estables ou de liñas de subvención regulares para sufragar as diversas necesidades, tarefas e obxectivos dos Centros dependentes de administracións infradotados orzamentariamente,
- falta de bibliotecas especializadas e do pulo preciso para botalas a andar.

Alude Felipe Arias á acción dinamizadora, durante aqueles anos, do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e ao labor propulsor e concienciador asumido polo Museo do Pobo Galego, forxa dende a que se fragua a creación do Consello Galego de Museos ante a demanda de contar cun foro para a

---

<sup>10</sup>INIESTA, M.: *Els gabinets del mon. Antropologia, museus i museologies*. Pagès Editors. Lleida, 1994; PRATS, LI.: "L'Ecomuseu de les valls d'Aneu en el futur del Pallars". *Àmica*, 15. 1993, pp. 6-34; ABELLA, J.: "L'Ecomuseu Les Valls d'Aneu. Un projecte de gestió i de desenvolupament local". *Revista de Museologia*, nº 6, 1995, pp. 56-58.

coordinación das distintas entidades museísticas de Galicia<sup>11</sup>.

Felipe Arias sinala a potencialidade da institución museal en Galicia, convencido da súa eficacia sociocultural e do papel que podía cumprir na normalización cultural do país (1987: 789): “[...] os museos están chamados a desenrolar de seu e no caso concreto da cultura e investigación galegas, un papel fundamental, para o que se necesitan recursos dabondo e tamén, desde logo, criterios e métodos apropiados de actuación, que se lograrán mediante unha adecuada formación dos museólogos, algo que aínda é un problema non resolto”.

No relativo á función educativa que corresponde aos museos, salienta a infradotación de medios e recursos humanos para esa tarefa, comentando ás prácticas a “pau seco” nas que a visita escolar ou a acción didáctica non conta cunha preparación previa por parte do museo e mesmo polos profesores que se achegan cos seus alumnos ás súas dependencias. Felipe Arias non esquece os aspectos organizativos e aparentemente “pedestres” –os horarios, a difusión nos medios, o atractivo das montaxes museográficas, os prezos para entrar, os hábitos de visita aos seus museos pola poboación da súa contorna, etc.– que inciden na función social destas institucións con relación ás comunidades situadas no seu territorio. Este artigo, denso en contidos e panorámico na visualización de todas as parcelas que eran observables naqueles anos nos museos galegos, analiza as carencias e orienta as vereas polas que sería doado discurrir para mellorar a situación e atopar novos horizontes. Bota en falta unha política institucionalizada dos Museos galegos, centrada na investigación, a difusión e a información museolóxica, inseparable da habilitación de medios económicos proporcionados polo Estado e polas restantes Administracións: Autónoma, Deputacións e Concellos, e así mesmo polas Fundacións privadas e a Igrexa nos Centros de cadansúa dependencia. A súa preocupación constante pola relación museos-educación apréciase cando cita como necesidade

prioritaria a interacción efectiva cos Centros de Ensino e cos plans de estudo, dende o ensino primario á Universidade, que el considera inseparable dun inserimento real dos museos no tecido sociocultural de Galicia, pensando no idioma e nos mecanismos de información-comunicación. O seu interese e a súa preocupación pola dimensión educadora do museo reflíctese no tratamento recorrente que fai desta cuestión en varios traballos e no artigo monográfico que publica en 1997 sobre o tema (1997c), revisando os estudos ao respecto dos principais investigadores especializados na dimensión didáctica dos museos<sup>12</sup>. Para el a consideración do papel formativo que lles compete aos museos supón o enfoque complementar e subsidiario dese papel, como campo alternativo da educación social e non como unha esfera substitutiva do ensino regulamentado, citando neste aspecto as análises de M. A. Ames<sup>13</sup> relativas á “desescolarización” do museo. O museo, insiste, ten que se abrir a todos os públicos e pensar na diversidade social, así como nos condicionamentos que inciden na súa acción didáctica e difusora, moitos deles derivados da distinta tipoloxía museística, do tamaño da entidade e do seu ámbito territorial (área de influencia potencial ou real).

Finalmente, dende unha perspectiva planificadora, examina e revisa neste e noutros traballos (1987; 1992; 2003) a pertinencia dunha potenciación racionalizada da rede de museos locais e comarcais galegos, sempre que dita rede fose garante do cumprimento das funcións básicas atribuíbles ao museo merecente de tal nome. Daquela comezaba xa o andazo de creación de novos museos sen a debida tutela científico-patrimonial e todo o que tal tutela leva.

Fala Felipe Arias da coordinación, asunto que desenvolverá polo miúdo nun traballo presentado ás II

<sup>11</sup>Felipe Arias e outras persoas implicadas na andaina inicial do Museo do Pobo Galego –Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Francisco Fariña Busto–, coa colaboración do Museo de Pontevedra e algúns museos locais e comarcais idearon a constitución dun ente coordinador, que desembocou na creación do Consello Galego de Museos (1979-1980) e na organización dos Coloquios galegos de Museos (a partir de 1981), nos que colaboraron tamén xentes ligadas á universidade e a outros campos do ensino.

<sup>12</sup>Referímonos a autores presentes na bibliografía especializada e, neste caso, citados de maneira habitual e recorrente por Felipe Arias: M. A. Ames, M. Asensio, L. Caballero, A. García Blanco, P. García Ramos, A. Limón, J. I. Macua, E. Pol, J. Rosas, J. Santacana Mestre e o reiteradamente citado (por el) J. A. Piñeiro Rosa, sen esquecer a figura clásica de Duncan Cameron. Referencias todas elas incluídas no seu traballo de 1997 (“Comunicación, difusión e didáctica: o caso do Museo do Castro de Viladonga”. En *Administraciones autonómicas y museos. Hacia un modelo racional de gestión*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997) e algunhas delas no de 2011-2012 (“Os museos de sitio arqueolóxico. A experiencia do Castro de Viladonga”, *Boletín Auriense*, XLI-XLII, 2011-2012).

<sup>13</sup>AMES, M. A. “Desescolarizar el museo: una propuesta para ampliar el acceso a las colecciones”, *Museum*, 145, 1993, pp. 25ss.

---

Xornadas de ANABAD-Galicia e publicado en 1997 (1998a), no que analiza as deficiencias no cadro organizativo do hipotético sistema galego de museos e as fondas carencias no binomio coordinación-cooperación, fundamento da inviabilidade dunha programación institucionalizada dos museos en Galicia. Á marxe da organización institucionalizada do sistema e das súas redes, non se pode desenvolver unha atención eficaz para o patrimonio cultural e os museos. A inutilidade das accións illadas ten como único remedio a aplicación dun programa de cooperación e sinerxías institucionais. E proclama, particularmente para os centros das redes locais-municipais, a importancia desa cooperación.

Imaxina, finalmente, fórmulas non ensaiadas pero viables como a creación de entes mixtos de xestión, con regulamentos xurídico-administrativos adecuados, para canalizar recursos e vertebrar programas, e como opcións abertas para pensar alternativas semellantes ás suxeridas varios anos despois por diferentes museólogos do Estado<sup>14</sup>.

A fondura da súa análise transparéntase na relación de cuestións ineludibles para articular o mapa museístico de Galicia, que el centra fundamentalmente na diagnose que cómpre aplicar, preventivamente, aos museos non natos, que se van creando de maneira crecente despois de 1990 e moitos deles desasistidos de orientación profesionalizada e carentes das condicións técnicas que coida esenciais nos seus sucesivos estudos e reflexións.

As ideas relativas á comarcalización de Galicia, como proxecto institucional para vertebrar o territorio, nutrían o corpus ideolóxico do galeguismo histórico e regresaban novamente, como resposta ao microcentrismo provincial e ás expresións do municipalismo franquista, da man da xente nova que se consideraba herdeira da tradición nacionalista postergada e perseguida na ditadura. A comarca constituía a expresión "natural" da paisaxe e ao seu redor nucleábanse aldeas e parroquias delimitadas por un 'limes' municipal inserido na comarca real ou na comarca imaxinada, expresión fiel da historia da Galicia rural e vilega e marco asumible e crible para perfilar novas formas de organización territorial na Galicia política, económica e cultural que cumpría recuperar e normalizar. As vilas e certas manifestacións económicas e sociais, caso das feiras, as festas e as

romarías, configuran o espello no que se podía reflectir o relato cultural que os museos estaban chamados a contar. Esta concepción, dotada de sólidos alicerces históricos e etnográficos, era extrapolábel á observación xeográfica e aos estudos histórico-arqueolóxicos que, robustecidos por estudos tan solventes como os de Abel Bouhier<sup>15</sup>, permitían estender a idea sociopolítica da comarcalización ao campo cultural e, derivadamente, á parcela do patrimonio cultural e dos museos. Felipe Arias (1992) foi quen de traducir con precisión e con linguaxe nidia esta cuestión e aplicala ao pequeno mundo dos museos. En todos os seus traballos está presente esta temática, para el fulcral á hora de debater e entender o asunto das redes e sistemas museísticos e para coller polos cornos as deficiencias do noso mapa museístico. A comprensión da estrutura comarcal en fase de construción nos primeiros vinte anos da democracia (e últimos vinte do século pasado!)<sup>16</sup> resultaba esencial para elaborar un programa de recuperación do patrimonio cultural de Galicia e para encaixar este programa a través do instrumento máis doado para logralo: o museo. Publicado polo Consello Galego de Museos (CGM) en 1992, este estudo contextualízase nunha fonda reflexión realizada por el e outros membros da súa xeración na década que vai de 1980 a 1990. Encádrase na constitución do CGM, que camiña paralelamente á andaina inicial do Museo do Pobo Galego, e o seu enfoque está influenciado polos debates das seccións de Arqueoloxía e Etnografía do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (IPSEG-CSIC). Neses anos a biografía profesional de FAV transita polo Museo Provincial de Lugo, primeiro, e polo Museo Monográfico de Viladonga despois.

Para Felipe Arias a configuración dunha rede comarcal de museos, debidamente configurada no plano

---

<sup>15</sup>BOUHIER, A.: *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. Le Roche-sur-Yon, 2 vols, 1979. (Existe edición galega: *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Biblioteca de Clásicos Agrarios Galegos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 2 tomos, 2001).

<sup>16</sup>A fórmula adoptada pola Xunta de Galicia, a través da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (PRECEDO LEDO, A.: "El Plan Comarcal de Galicia: un modelo de desarrollo territorial integrado". *Papeles de Economía Española*, 16, 1996, pp. 311-322), coas súas paramusealizaciones instaladas nos Centros Comarcais, foi cuestionada dende moitos foros (FERRAS SEXTO, C.: "Cambio social e territorial en Galicia. ¿De pais rural a cidade xardín?" *SEMATA. Ciencias Sociais e Humanidades*, 9, 1998, pp. 56-78; SANTOS SOLLÁ, X.M. e VALCARCEL RIVEIRO, C.: "Turismo rural, lóxica e desenvolvemento local", *SEMATA. Ciencias Sociais e Humanidades* 9, 1998, pp. 79-106.) e desembocou hoxe nunha aporía, resolta finalmente co desmantelamento decidido por parte daqueles que promoveran o seu órgano xestor (as Fundacións comarcais) e os Centros respectivos.

---

<sup>14</sup>GRAU, L.: "Museos, globalización y otros cambios climáticos: ensayo sobre sus derivas", *Museos.es*, vol. 5-6, 2009-2010, pp. 28-37.



museolóxico, solidamente apoiada no marco institucional e doadamente asesorada na perspectiva técnica, resulta necesaria nun momento no que se albisca o comezo da febre musealizadora, detectada, segundo indicamos, despois de 1990. Coida oportuno examinar as figuras do museo local e comarcal e as formas que estes centros adoptan na Galicia rural e vilega, tendo como norte a súa tutela e como horizonte a súa racionalización, coa finalidade de garantir o cumprimento das funcións básicas esixibles a unhas iniciativas destinadas a operar co patrimonio cultural.

Felipe Arias interesouse igualmente polo marco xurídico que regula o mundo do patrimonio cultural e os museos, colaborando en xuntanzas e seminarios sobre este tema e publicando algún traballo centrado nesta materia. Destacamos os publicados con Francisco Fariña que realizan unha revisión histórica da normativa legal sobre museos e patrimonio, ollada como o alicerce dunha historia xurídica específica, seguida dunha análise dos textos legais, estatais e autonómicos, recentes, de interese para Galicia e que inciden decisivamente no seu ámbito museístico e cultural. De relevancia para as diferentes cuestións

tratadas nesta glosa, son as precisións feitas á Lei 30/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia (actualmente vixente), salientando as bondades da norma e tamén as súas deficiencias, lagoas e contradicións (1997), facendo fincapé nas súas posibilidades de mellora a través do desenvolvemento regulamentario dos seus distintos títulos, asunto pendente á data de hoxe.

### **Felipe Arias. O Museo vivido.**

Fóra do período inicial como director do Museo Provincial de Lugo, a obra senlleira de Felipe Arias é indubidablemente o Museo Monográfico do Castro de Viladonga. A valoración desta obra, produto do traballo dun equipo solvente que asumiu como propios os obxectivos que el se marcou dende o comezo, permítenos ponderar non só a realidade empírica dos programas, accións e realizacións desenvolvidas por esta institución durante case tres décadas, senón tamén e asemade polas propostas, reflexións e análises que este eminente arqueólogo e museólogo redactou para crear debate e afondar no cuestionamento científico das ideas, fórmulas e



Felipe Arias no Castro de Viladonga co poeta chairego Manuel María



---

propostas musealizadoras asociadas aos xacementos arqueolóxicos e aos museos de sitio a eles vinculados. A fecundidade das aportacións de Felipe Arias neste campo o converte nun referente na península ibérica para a comprensión e a análise da problemática que emerxe do tratamento deste patrimonio e da súa tradución en termos museolóxicos. As súas análises e as realizadas por outros arqueólogos e museólogos<sup>17</sup> foron decisivas para achegármolos aos postulados museolóxicos de interese e utilidade para conciliar os labores de conservación, investigación e difusión das áreas e xacementos arqueolóxicos. Tamén as reflexións que engaden a ditas análises proporcionan criterios metodolóxicos para pensar intervencións patrimonializadoras e musealizadoras en conxuntos e espazos de interese histórico ou etnográfico, tanto rurais como industriais.

Felipe Arias introduce enfoques moi oportunos para vincular o museo arqueolóxico a cuestións moi actuais centradas na concepción da arqueoloxía como campo privilexiado das políticas urbanísticas e de protección e salvagarda do patrimonio cultural. Referímonos á denominada arqueoloxía de xestión e as consecuencias que a súa actividade ocasiona para a conservación de restos e xacementos, descubertos a raíz de intervencións privadas e de obras públicas. A mirada dun museólogo experimentado na xestión de museos de sitio resulta necesaria para comprender a versatilidade e as múltiples opcións que a arqueoloxía de xestión e a arqueoloxía de urxencia ofrecen á idea de salvagarda do patrimonio cultural e á noción social de rendibilidade deste patrimonio. Destaca a utilidade desta especialidade arqueolóxica, sempre a pé de rúa, para orientar as decisións sobre os restos, lugares e zonas arqueolóxicas merecedoras de conservación e de aproveitamento sociocultural (1999:42-43). Felipe Arias, como lucense e como membro que foi da Comisión Territorial de Patrimonio da súa provincia, coñece ben os percorridos, tantas veces desafortunados e tantas veces alleos ao interese

cultural xeral, polos que se aventurou o patrimonio arqueolóxico dunha cidade como Lugo, cidade que coñece como ninguén por 'enriba e por abago' como reza a lenda das cidades asulagadas: “[...] *Muchos yacimientos, después de ser excavados, son aprovechados solamente como documentos para la investigación arqueológica (y/o histórica), sin que la existencia y permanencia física [...] visible de las estructuras [...] inmuebles de interés, llegue a constituir una preocupación prioritaria para el investigador y, lo que aún es más grave, para la Administración [...] tal situación conlleva un progresivo deterioro de muchos yacimientos [...] que se pierden así para la memoria colectiva*” (1999:44).

Dende a mesma perspectiva Felipe Arias cuestiona a pertinencia, outras veces a posibilidade, da figura dos Parques Arqueolóxicos e cuestiona o concepto –máis ca o termo– de *musealización* aplicado aos sitios e xacementos arqueolóxicos. Cómpre lembrar ao respecto que tal conceptualización, que postula unha idea procesual orientada á posta en valor cultural dun lugar arqueolóxico, debe moito, segundo indicamos, ás narrativas museolóxicas traídas polas novas museoloxías, orixinariamente ensaiadas para a posta en valor patrimonial de espazos e territorios agrarios ou industriais, herdeiros dunha tradición descontinua dos museos ao ar libre escandinavos de comezos do século XX. Felipe Arias precísanos o que acepta como musealización, á marxe da súa discrepancia co termo: “[...] *'musealizar' un sitio supone, fundamentalmente, recuperar un espacio arqueológico definido, 'útil' para el científico pero también, y sobre todo, para los fines y objetivos de la conservación y la difusión de este Patrimonio Cultural*” (1999:44)

Felipe Arias tratou en numerosos casos a problemática dos museos de sitio e dos xacementos visitables, volvendo moi recentemente (2011-2012) sobre isto para sintetizar as formulacións teóricas anteriores e a súa aplicación práctica ao museo de Viladonga. Apreciamos neste último traballo a secuencia conceptual na que se desenvolve a súa idea respecto desta variante de museos, condicionados necesariamente pola interacción entre un museo de factura formalmente “clásica” e un xacemento ou área arqueolóxica que favorece a relación entre patrimonio cultural e patrimonio natural: un espazo xeográfico observado territorialmente e uns elementos materiais interpretables e interpretados como bens culturais. Este vínculo lévanos a unha relectura conxunta baixo presupostos culturais (históricos): o xacemento

---

<sup>17</sup> F. Fariña, F. Carrera e V. Barbi en Galicia, J. L. Argente Oliver, J. Ballart, Luis Caballero, M. Genera i Monells, J. M<sup>a</sup> González Parrilla e J. M. Cuenca, Francisca Hernández, M<sup>a</sup> Ángeles Querol, F. J. Sánchez Palencia e Francesc Tarrats noutros territorios do estado español, J. Alarcão en Portugal e M<sup>a</sup> C. Ruggieri e C. Sposito, noutros territorios de Europa. Referencia repetida é a de N. Stanley Price e seus colaboradores na súa coñecida monografía de 1984, traducida ao castelán en 1990. Trátase de autores de referencia, reiteradamente citados nos traballos de Felipe Arias, aos que podíamos engadir outros nomes, pero escollemos aqueles de cita máis frecuente. Todos eles aparecen na bibliografía dos traballos de Felipe Arias citados nesta glosa, polo que excluímos a súa cita explícita na relación bibliográfica final, na que soamente se relacionan os textos editados de Felipe Arias utilizados para a redacción deste artigo.

ollado, xa que logo, como unha construción histórica que crea unha paisaxe, examinada baixo o enfoque proposto polo Convención Europea da Paisaxe de Florencia, do ano 2000. Documento este que destaca a conexión entre patrimonio e paisaxe (cultura e natureza humanizada) e que nos relaciona coa arqueoloxía da paisaxe, tan patente nos xacementos visitables e temática á que Felipe Arias concede particular relevancia. Nas discusións ligadas a este asunto emerxe o concepto de 'sostibilidade', non interpretado do mesmo xeito por todos os que o manexan, como el certeiraamente indica. Ao redor deste concepto florecen procesos e dinámicas tan aleatorias como complexas, que desprazan o fenómeno da conservación e a protección dos sitios arqueolóxicos, así como o do seu tratamento museolóxico, do seu papel protagonista. Insiste nas dúbidas conceptuais que lle produce o concepto de "musealización" asociado ao binomio xacemento-museo, xa que entende que a súa aplicación leva consigo prácticas e definicións difusas e inestables. Considera que a extensión deste concepto e das intervencións arqueolóxicas –e museográficas!– realizadas sobre o espazo urbano e sobre os territorios descontinuos rururbanos ocasionan moitas dúbidas teórico-prácticas que problematizan esta cuestión. Neste aspecto faise eco da súa longa experiencia como arqueólogo e museólogo, bo coñecedor das dificultades e percorridos da, relativamente recente entre nós, arqueoloxía de xestión. Reflexións que desenvolve dende un observatorio privilexiado como o representado pola cidade de Lugo. A complexidade da protección, estudo e difusión de xacementos arqueolóxicos en territorios urbanos e periurbanos vén condicionada pola densa trama de intereses económicos e políticos que descentran o debate científico e cultural e, así mesmo, determinan a natureza das intervencións arqueolóxicas, particularmente ás orientadas á protección, conservación e posta en valor cultural (parcela museográfica incluída) dos restos localizados e investigados.

Convidáanos o arqueólogo e museólogo a dubidar do termo "musealización" cando opoñemos as funcións museográficas (clásicas) dun museo ás aplicables a un xacemento ou sitio arqueolóxico. Non é o mesmo un xacemento visitable, un xacemento integrado nun complexo musealizado (sitio + instalación museográfica) ou unha paraxe arqueolóxica concibida como *parque arqueolóxico*, como *centro de acollida de visitantes* e como *aula* ou *centro de interpretación*. Sen

rexeitar a virtualidade destas distintas modalidades, bota de menos Felipe Arias unha profundización na cuestión e unha delimitación doadamente articulada (nos planos científico-técnico, xurídico e divulgador) das diversas variantes e das opcións escolleitas, que, para el, deben estar subordinadas a preservar o trinomio investigación, conservación e difusión.

A segunda parte deste artigo percorre a historia das intervencións arqueolóxicas en Viladonga, fai un balanço da acción patrimonial e socioeducativa do complexo museo-xacemento e, finalmente, enuncia unhas conclusións abertas e críticas (2011-2012:109-111), resumidas nun decálogo, que explica o éxito sociocultural deste Museo e que podemos sintetizar en tres bloques fundamentais: a divulgación por medios clásicos e virtuais da existencia e situación do museo, a elaboración dun repertorio variado de produtos didácticos e divulgativos e a presenza do museo na comunidade xeograficamente máis achegada mediante actividades alternativas en cooperación con outras institucións e entidades sociais. Todo mercé á complicidade da súa Asociación de Amigos, que funciona como vento de cola, dende a súa fundación, para a navegación do Museo de Viladonga. A revista *Croa*, en medre continuo, proxecta o Museo e a súa Asociación fóra dos circuitos de proximidade e entre a comunidade profesional e científica, mantendo un equilibrio envexable entre os distintos extremos da divulgación: a que pode interesar a públicos misceláneos e a que procuran xentes máis especializadas. Felipe Arias explicita en varios dos seus textos que un museo debe atender tres instancias de público ou tres corpos de visitantes, manexando a categoría de MacDonald (1993): a poboación da contorna, o estudantado dos diferentes niveis educativos e o público máis heteroxéneo, normalmente de procedencias externas. A revista *Croa* recolle tal enfoque e a traxectoria de Viladonga –museo e xacemento– constitúen na perspectiva de hoxe a experiencia paradigmática (modélica) das musealizacións de sitio e da ecuación museo-xacemento en Galicia. A súa historia científico-patrimonial, curta pero intensa, resúmese no artigo dito (2011-2012) e nas tres guías editadas, particularmente as dúas últimas (1996 e 2013).

Tanto neste traballo (2011-12), como nas dúas últimas Guías do Museo de Viladonga (1996 e 2013), faise unha historia detallada das numerosas e sucesivas intervencións arqueolóxicas realizadas no Castro, seguida dun balance da acción patrimonial e

---

socioeducativa do Museo. As intervencións arqueolóxicas ocorren entre 1971 e 2013, comprendendo os labores prospectivos, as consolidacións das estruturas do xacemento e a posta en valor cultural do conxunto. A sala introdutoria ao relato museal (sala 0) proporciona unha orientación para visitar e comprender o xacemento, establecéndose nela o marco (*o framework*) histórico-arqueolóxico que concede pertinencia ao xacemento musealizado e á mediación que o museo ofrece como estrutura significativa que aporta o significado histórico e cultural da sociedade musealizada (a castrexa) e do proceso aculturador conseguinte: o mundo galaico-romano. Da lectura dos traballos, antes citados, de Felipe Arias sobre os museos de sitio e sobre o manexo museolóxico das xacementos podemos extraer conclusións enormemente fecundas. As críticas indicadas, relativas á noción de musealización aplicada aos espazos e xacementos arqueolóxicos, suxiren a idea dunha arqueoloxía reflexiva, volta sobre si mesma a través da mirada do arqueo-museólogo que, logo de examinarens os parámetros da conservación, o coñecemento e a difusión das fenómenos arqueolóxicos, pensa especularmente as distintas verdades arqueolóxicas enunciadas contrastándoas coas posibilidades investigadoras, as esixencias conservadoras e as demandas divulgadoras. O carácter inestable e difuso por el atribuído á noción de musealización garda certa correspondencia –lembrando a Bourdieu<sup>18</sup>– coas posibilidades de organizar as *representacións obxectais* concretadas no xacemento e as *representacións mentais* ás que tende o acto museizador. O marco das delimitacións e das continuidades ou discontinuidades entre xacemento e museo leva consigo a necesidade de trazar límites e aportar significados (*regere fines*) aos distintos elementos que integran o conxunto culturalmente patrimonializado. Felipe Arias adiantou camiño para o quefacer museal e, así mesmo, abriu canles para novos debates e novas reflexións sobre a musealización. A sala 1 convídanos a pensar o espazo xeográfico e a súa transformación en territorio aculturado. O medio natural modificado pola acción humana crea a paisaxe, que emerxe como interese recorrente nos traballos de Felipe Arias, preocupado polo enlace entre patrimonio natural e patrimonio gradualmente 'desnaturalizado' (o patrimonio cultural):

o réxime habitacional e a secuencia de prácticas construtivas materializarían arqueoloxicamente tal enlace.

O museo volve ás raiceiras museográficas clásicas cando expón as series de pezas e obxectos exhumados no xacemento, significados como propios do lugar e mostrados como representativos dunha sociedade, dun momento e dunha cultura. A dicotomía materialidade-inmaterialidade asoma na montaxe do museo, derivada da súa condición de explorador e intérprete. En Viladonga asúmese o xogo heurístico e hermenéutico da boa museografía e novamente as representacións obxectais confróntanse coas *mentais*. A inmaterialidade trátase aquí dende unha dobre perspectiva: a que indaga sobre os significados dos protagonistas do mundo representado e aquela outra que rescata a interpretación popular posterior, que permanece no imaxinario colectivo dos habitantes e veciños actuais da comarca, relatores da súa propia interpretación sobre un pasado que, arqueoloxicamente, interpela o museo.

Unha conclusión advirte da provisionalidade de todo coñecemento e, consecuentemente, de toda proposta de divulgación, o que nos lembra a cautela deontolóxica que debe presidir sempre a narración que nos traslada un museo.

Este traballo avalía un longo proceso dun cuarto de século de tarefa promovida por el e seu equipo. O máis relevante dos resultados obtidos reside no feito de seren a aplicación práctica dos métodos contidos no argumentario museolóxico teorizado durante anos. O éxito da visita escolar en Viladonga dá conta da eficacia lograda por un profesional persuadido de que a a función educativa, constitúe un dos tres piares básicos dun museo. Igualmente o dinamismo desenvolvido pola Asociación de Amigos do Museo demostra a confianza que Felipe Arias tivo sempre nos axentes sociais da sociedade civil, convocados a seren copartícipes do labor sociocultural dun museo. A revista Croa constitúe, por outra banda, a expresión, visible e tanxible, da pertinencia e a oportunidade de instalar un altofalante para enguedellar o labor científico-técnico do museo nun programa de difusión e divulgación culturais. As dúas estratexias constitúen un exemplo a seguir polos outros museos de Galicia, moitas veces, incluso os máis activos noutros planos, ensimesmados nas outras tarefas e funcións igualmente necesarias en todos os museos.

---

<sup>18</sup> BOURDIEU, J.: *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Ediciones Akal, S.A. Madrid, 1985.





Felipe Arias visitando o Castro de Viladonga cun grupo de alumnos.

### Cativa coda dende a croa.

Vivimos un momento histórico de desconfianza, riscos e inseguridades, de desaparición da crenza nos grandes relatos, nas verdades contrastadas e nas posibilidades dos desafíos colectivamente asumidos. Experimentamos un tempo con “cambios materiais e simbólicos” que producen brétemas escurecedoras dos proxectos sociais e culturais sólidos e estables, que favorecen o desarraigo dos contextos e disolven as certezas. Ante o triunfo da modernidade líquida, informe, difícil de asir e chea de riscos -doadamente glosada por Zigmunt Bauman e Ulrich Beck<sup>19</sup>-, os

<sup>19</sup>Os conceptos de *modernidade líquida* ou de *vida líquida* foron enunciados e desenvolvidos polo sociólogo e pensador polonés-británico Zygmunt Bauman, que examina, entre outras moitas cuestións, a produción acelerada de coñecemento e a súa conversión (igualmente acelerada) en saber obsoleto (ver *Modernidade líquida*. Fondo de Cultura Económica. México, 2007; *Vida Líquida*. Ediciones Paidós Ibérica S.A. Barcelona, 2007). Tamén a noción de *sociedade-risco* ou *sociedade do risco* proposta polo sociólogo xermano, recentemente falecido, Ulrich Beck, que afonda nos seus estudos no fenómeno do risco, a inseguridade e a incerteza da sociedade na época da modernidade tardía, e que nos convida a mirar cara a Ilustración como alternativa e como dispositivo para produciren novas confianza (ver *La sociedad del riesgo mundial. En busca de la seguridad perdida*. Ediciones Paidós Ibérica S.A. Barcelona, 2008).

museos poden operar como lugares que transmiten autenticidades, experiencias históricas colectivas, confianza logradas pola acción comunitaria dos individuos e relatos sólidos de procesos históricos estruturantes (cultural e politicamente) da dialéctica individuo-sociedade. Os museos ofrecen imaxes de sociedades imperfectas que, mediante a cooperación e o conflito, articulaban e articulan as sociedades a través das expresións de sucesivas e cambiantes identidades de estamento ou clase, de xénero e de etnicidade. Os museos poden axudar a devolver confianza –iconografía sólida- fronte ao desnorte ideolóxico e moral provocado polos que imponen o relato da precarización mental, desasistida de toda verdade á marxe da predicada polo capitalismo líquido financeiro. Persoas como Felipe Arias representan para nós a extrapolación necesaria do *mnémon* (μνήμων) grego, figura ou 'testemuña solemne' “[...] *personaje que conserva el recuerdo del pasado con vistas a una decisión de justicia*” (Gernet, 1981:249-250) ou individuo que “*custodia o recordo do pasado [...]*” e que, seguindo a función atribuída á historia por Polibio (Polibio, II, 56, 7-12), debía “*instruir y convencer para siempre a las personas estudiosas con actos y discursos*

---

verdadeiros". Esta referencia comentada por J.-P. Vernant (1982:1985), e moitas outras comentadas por J. Le Goff (1991), ilustran a evolución seguida pola arte de lembrar -a (mnemotecne)- no camiño de construíren o relato laico no que a modernidade (sólida) converteu a historia<sup>20</sup>.

## Bibliografía

Obras de Felipe Arias Vilas referidas no texto

ARIAS VILAS, F.; "Os Museos Galegos: As funcións e as carencias". *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos de Galicia*, Tomo II. A Coruña: ANABAD-GALICIA, 1987, pp. 785-796.

ARIAS VILAS, F.; *Memoria para un proxecto de montaxe do Museo Comarcal de A Fonsagrada (Lugo)*. 1989. Inédita.

ARIAS VILAS, F.; "A problemática dos museos galegos", *I Coloquio Galego de Museos*. Santiago 1991. Inédito.

ARIAS VILAS, F.; "O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)". *Coloquios Galegos de Museos*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos, 1992, pp. 43-54.

ARIAS VILAS, F.; "Aspectos xerais e particulares do tema museolóxico en Galicia. Os museos comarcais". *Coloquios Galegos de Museos*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos. 1992, pp. 181-203.

ARIAS VILAS, F. e FARIÑA BUSTO, F.; "La legislación sobre el patrimonio histórico de Galicia como Comunidad Autónoma y su evolución". *Complutum Extra*, 6 (II), 1996, pp. 347-358. Publicado tamén en *Patrimonio Cultural y Derecho*, 1, 1997, pp. 231-247.

ARIAS VILAS, F. e DURAN FUENTES, M.C.; *Museo do Castro de Viladonga*. Castro de Rei-Lugo. 1996. Xunta de Galicia.

ARIAS VILAS, F.; "Coordinación e cooperación entre museos de Galicia," *II Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos*, A Coruña, abril 1997, ANABAD-GALICIA (Santiago de Compostela), 1997a, pp.599-612.

ARIAS VILAS, F.; "Sobre os museos de sitio arqueolóxico: un intento de revisión crítica". *EMP (El Museo de Pontevedra)*, LI, 1997b, pp. 293-322.

ARIAS VILAS, F.; "Comunicación, difusión e didáctica: o caso do Museo do Castro de Viladonga". En *Administracións autonómicas e museos. Cara a un modelo racional de xestión*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997c, pp. 225-253.

ARIAS VILAS, F.; "Recursos humanos no Museo do Castro de Viladonga (Lugo)". V *Coloquio Galego de Museos*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos. 1998, pp. 277-290

ARIAS VILAS, F.; "Sitios musealizados y museos de sitio: notas sobre dos modos de utilización del patrimonio arqueológico." *Museo*, nº 4, 1999, pp. 39-59.

ARIAS VILAS, F.; "¿Os museos e o patrimonio cultural: dentro, fóra ou en ningures?". *VII Coloquio Galego de Museos*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos. 2003, pp. 135-141.

ARIAS VILAS, F.; "Os museos de sitio arqueolóxico. A experiencia do Castro de Viladonga", *Boletín Auriense*, XLI-XLII, 2011-2012, pp. 93-119.

ARIAS VILAS, F.; "Actividades do Museo do Castro de Viladonga e da súa Asociación de Amigos", *Croa*, 22, 2012, pp. 8-11.


ARIAS VILAS, F.; "Patrimonio arqueolóxico e museos en Lugo: un problema de todos", *Artesonado, (Revista dos Antigos Alumnos da Escola de Artes e Deseño de Lugo)*, nº 38, Lugo, 2012, pp. 30-32.

ARIAS VILAS, F., Bastos, D., DURÁN, M<sup>a</sup> C. e VARELA, E. *Museo do Castro e Viladonga*. Castro de Rei-Lugo. Xunta de Galicia. 2013

---

<sup>20</sup> A memoria como análise, ideación e reflexión foi tratada por numerosos historiadores e científicos sociais e o museo e o museólogo son parceiros desta tradición. Moitos destes autores acoden ao mundo clásico para reflectir o xogo de imaxes e referencias que pivotan sobre a noción plurivocal de memoria. No texto citamos tres nomes autorizados para "lembrar a memoria" e para situar a Felipe Arias no seu contexto: LE GOFF, J.: *El orden de la memoria. El tiempo como imaginario*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica, S.A., 1991; GENET, L.: *Antropología de la Grecia antigua*. Madrid: Taurus Ediciones S.A., 1980; VERNANT, J.-P.: *Mito y sociedad en la Grecia antigua*. Madrid: Siglo XXI de España Editores S.A., 1982.

Este traballo dedicado á figura de Felipe Arias, comprometido co coñecemento humanístico e co seu País, é tamén unha homenaxe a M<sup>ra</sup> Consuelo Durán Fuentes, Mariché, compañeira e igualmente amiga e persoa que se aventurou con Felipe polos mesmos camiños na profesión e na vida. Coautora con el de varios dos traballos citados, co-participou e participa con el do amor polo saber e da militancia na fidalguía do espírito.



Felipe Arias na homenaxe a Felipe Senén no Muiño do Rañego (Vilalba). 2010